

As pemes nun mundo en constante cambio: novos apoios e iniciativas da UE

Data	25 de outubro de 2023
Lugar	En liña
Organización	Fundación Galicia Europa
Asistentes	<ul style="list-style-type: none">▪ Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.▪ Consellería de Economía, Industria e Innovación.▪ Consellería de Facenda e Administración Pública.▪ Consellería do Medio Rural.▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).▪ Axencia Galega de Innovación (GAIN).▪ Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL).
Relator	<ul style="list-style-type: none">▪ Raúl Merchán, responsable de políticas na Dirección Xeral de Mercado Interior, Industria, Emprendemento e Pemes (DG GROW) da Comisión Europea.

INTRODUCCIÓN

A directora da oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa, Ana Ramos, inaugurou o sétimo encontro do ano do ciclo “FGE | NextGeneratiOn Galicia”, no que se expuxo o estado da situación das pemes galegas no volátil contexto económico actual e os instrumentos de apoio vixentes que buscan favorecer a competitividade destas empresas, tanto dende o nivel europeo como dende Galicia. A directora puxo de manifesto a importancia das pequenas e medianas empresas en Galicia, dado que son case 200 000 as pemes que compoñen o tecido empresarial galego, o que representa, ó igual que na estatística europea, unha porcentaxe superior ó 99%.

Para indagar nestas cuestións e nos instrumentos que poden axudar a consolidar a recuperación das pemes tras os últimos períodos de crise, a sesión contou coa intervención de Raúl Merchán, responsable de políticas na Dirección Xeral de Mercado Interior, Industria, Emprendemento e Pemes da Comisión Europea. Tras a súa exposición, a perspectiva galega foi exposta por Norberto Penedo Rey, o director da Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), o principal organismo que xestiona as diferentes liñas de axuda ás pemes galegas.

RESUMO DA REUNIÓN

1. INTRODUCCIÓN

Os 24 millóns de pequenas e medianas europeas representan o 99% de todas as empresas da UE e proporcionan dous terzos dos postos de traballo, polo que o seu carácter fundamental dentro do tecido económico e social de Europa é innegable. Porén, nun período de crises sucesivas, no que a volatilidade do contexto económico actual dificulta a actividade empresarial das pemes, son precisos instrumentos que axuden a consolidar a súa recuperación

Algúns son instrumentos xa existentes, como o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), os fondos da política de cohesión ou os diferentes marcos temporais relativos ás axudas de Estado, e outros son novos, como o paquete de iniciativas anunciado pola presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, no discurso sobre o estado da Unión de 2023. Estas medidas están destinadas a simplificar a actividade empresarial das pemes, a impulsar a súa competitividade ou a reforzar o seu acceso ao financiamento.

2. DESAFÍOS ACTUAIS

A maioría de pemes sinalan, entre os seus maiores desafíos, os seguintes¹:

- Reto principal: obstáculos regulamentarios e carga administrativa (55% das pemes enquisadas).
- Morosidade (35%).
- Acceso ao financiamento (21%).
- Capacidades, incluída a de xestión (17%).

¹ Eurobarómetro Flash 486 (2020): pemes, empresas emerxentes, empresas en expansión e emprendemento.

3. INICIATIVAS

A Comisión Europea publicou o 12 de setembro de 2023 un paquete de medidas para ofrecer ás pemes europeas alivio no curto prazo e apoio no longo prazo. Este inclúe:

- Unha proposta de regulamento sobre morosidade.
- Unha proposta de directiva sobre simplificación fiscal para as pemes.
- Un informe de aplicación do Regulamento sobre as relacións entre plataformas e empresas.
- Un informe de aplicación do Regulamento sobre a pasarela dixital única.

O paquete de medidas está conformado por catro piares ou ámbitos de actuación principais:

I. Unha normativa da UE facilitadora, que reduza obstáculos e carga administrativa mediante unha serie de medidas:

- **Simplificación dos impostos**
 - **Proposta de directiva sobre simplificación fiscal para as pemes**, que da a opción ás pemes transfronteiras de interactuar cunha soa administración tributaria (a da súa sede) no canto de ter que cumprir con múltiples sistemas tributarios.

Segundo isto, **as pemes calcularían os seus impostos baseándose só nas normas fiscais do Estado membro da súa sede e presentarían unha única declaración**, que despois sería compartida cos demais Estados membros onde a peme estea operando. O ámbito destas normas limitaríase ás entidades de pemes con establecemento permanente e non se estendería aos grupos de pemes con filiais.
 - **Novas normas sobre o Imposto sobre o valor engadido (IVE)** a partir de xaneiro de 2024, que o homoxeneizan e harmonizan.
- **Lexislar mellor**
 - Nomeamento dun representante para as pemes (“SME Envoy”), que avaliará as iniciativas legislativas de maior impacto para estas empresas e reportará directamente á presidenta da Comisión Europea.
 - Consideración sistemática das disposicións favorables ás pemes na nova lexislación.
 - Realización máis sistemática do “**SME test**”, que analiza os posibles efectos das propostas legislativas da UE nas pemes.

- **Utilizar as tecnoloxías dixitais para reducir as cargas de xestión e mellorar a resiliencia:**
 - A **pasarela dixital única**, que proporciona “información fiable sobre as normas e requisitos que empresas e cidadáns deben cumprir en virtude do dereito da UE, así como a asistencia necesaria no propio idioma para exercer os seus dereitos á libre circulación”².
 - O sistema técnico “unha soa vez” (**OOTS**, operativo a partir de 2024), que permite a todas as autoridades da UE intercambiar documentos e datos oficiais a petición de cidadáns e empresas de forma simplificada e eficiente.
- **Racionalización dos requisitos de información:** existe un compromiso de reducir os requisitos de notificación para empresas e administracións nun 25%, en consonancia coa **estratexia** para impulsar a competitividade da UE a longo prazo e aliviar a carga para as pemes.

II. Mellorar a liquidez e o acceso ao financiamento, incluíndo medidas para:

- **Loitar contra a morosidade**, un dos retos de maior magnitude ao que se enfrontan as pemes. Isto pode exemplificarse amosando unha serie de datos:
 - Cada segundo intercámbianse 500 facturas na UE e a metade delas pagaránse con atraso.
 - Cada día de redución do atraso nos pagos implica uns 158 millóns de euros aforrados en custos de financiamento para as empresas da UE e o aumento do 0,9% do seu fluxo de caixa agregado.
 - O 70% das empresas consideran que os atrasos nos pagos constitúen un obstáculo para a súa transición ecolóxica.
 - **Unha de cada catro quebras débese a que as facturas non se pagaron a tempo.**

É por isto que a **Comisión Europea propuxo un novo regulamento sobre morosidade, que derrogará a Directiva de 2011**. A proposta introduce un **límite de pago máis estrito de 30 días e formas de resolución alternativa de litixios, así como medidas coercitivas e disuasorias e accións de alfabetización financeira e de pago dixital.**

- **Facilitar o acceso das pemes á contratación pública** dunha forma máis simple que a actual, simplificando os pregos ou coa división en lotes.

² Ministerio de Seguridade Social e Políticas Migratorias (21.11.2023).

- **Aproveitar o potencial dos programas da UE para as pemes:** espérase que o apoio ás pemes alcance máis de 200 000 millóns de euros ata 2027. Neste marco, destacan os eixos de actuación para as pemes do programa InvestEU, así como as iniciativas promovidas polo Fondo da Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (**STEP**). Tamén terán un papel fundamental os Estados membros e as rexións, ao participar en fondos compartidos.
- **Promover unha mellor sostibilidade das pemes,** por exemplo, a través da difusión das normas voluntarias promovidas polo Grupo Consultivo Europeo en materia de Información Financeira (**EFRAG**, polas súas siglas en inglés), o cal proporciona asesoramento técnico á Comisión Europea.

III. Facilitar o acceso a persoal cualificado

Moitas pemes afrontan o problema da escaseza de man de obra cualificada, especialistas, expertos, etc. Por iso, **buscábase promover un esforzo para o desenvolvemento de capacidades, por exemplo, a través da Axenda de Capacidades Europea ou o Pacto Europeo das Capacidades.**

Tamén se pretende mellorar o recoñecemento das cualificacións de nacionais de terceiros países para facilitar a súa contratación e promover a inclusión profesional e o espírito empresarial de grupos con potencial sen explotar (coma mulleres ou a mocidade) mediante campañas de sensibilización.

IV. Apoiar ás pemes ao longo do seu ciclo de vida

Estase prestando atención ás empresas que superan a definición de peme, intentando reducir o “efecto limiar”, que se produce cando unha empresa pasa de considerarse peme a ser de mediana capitalización, perdendo os beneficios do seu status anterior. Para isto, **a Comisión Europea está traballando nunha definición de empresa de mediana capitalización (*mid-cap*).**

AXUDAS DO IGAPE Á COMPETITIVIDADE DAS PEMES

O Instituto Galego de Promoción Económica (**IGAPE**) é o **principal organismo galego encargado de promover a competitividade do tecido empresarial galego e de apoiar económica e tecnicamente ás empresas galegas**. Aínda que fai algúns anos a súa estratexia de promoción da dobre transición se enfocaba principalmente no sector industrial, nos últimos tempos **a súa actuación estendeuse a múltiples ámbitos**, en colaboración con outros departamentos da Consellería de Economía, Industria e Innovación, así como coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) e o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).

Un dos obxectivos principais do IGAPE é apoiar ás pemes galegas a través de iniciativas como:

- O programa Re-acciona.
- Talleres multidisciplinares.
- Os incentivos a proxectos que abordan diferentes dimensións da competitividade das pemes: a súa dixitalización, a mellora da loxística avanzada, a promoción do investimento a internacionalización ou a posta en marcha de proxectos relativos a cuestións ambientais, sociais e de goberno corporativo.

1. O programa Re-Acciona

Re-Acciona é un programa conxunto de IGAPE, a AMTEGA e GAIN, nacido durante a crise de 2008 para capacitar ás pemes ante os novos retos do mercado, dotándoas dun valor engadido que permita acelerar os seus procesos de mellora e incorporar novos coñecementos ás súas estruturas.

O programa dispón **dun total de 15 servizos arredor de catro eixos de competitividade**: o desenvolvemento estratéxico, a profesionalización, a dixitalización e a innovación. Baséase, ademais, nun proceso de concorrencia competitiva estruturado en diferentes convocatorias, que selecciona a entidades colaboradoras para capacitalas ante os novos desafíos do mercado e acelerar os seus proceso de mellora, incorporando novos coñecementos ás súas estruturas.

Re-Acciona conta cunha contribución pública do 80%, procedente do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), baixo a modalidade de custos simplificados e aplicando o réxime de *minimis* de 200 000 euros de límite máximo da axuda. Os **beneficiarios do programa son autónomos e pequenas e medianas empresas de polo menos 3 traballadores**. Este tamaño mínimo establécese co obxectivo de que os beneficiarios poidan absorber e aproveitar os sofisticados servizos ofertados.

2. Talleres multidisciplinares de dixitalización, sustentabilidade e loxística avanzada

Son **espazos de encontro** para un mínimo de seis empresas, nos que se desexa explorar solucións tecnolóxicas e vías de colaboración que dean lugar a proxectos de posta en marcha de ferramentas dixitais e iniciativas de economía circular colaborativas. O seu obxectivo é actuar como xeradores de proxectos que, máis tarde, poidan presentarse a convocatorias de axudas. A participación nos talleres artículase a través de convocatorias de concorrencia competitiva.

Son **financiados con fondos propios ao 100%, ata un máximo de 25 000 euros por iniciativa en réxime de *minimis***. Os beneficiarios son organismos intermedios de carácter empresarial, e outros axentes con capacidade de albergar o proceso de concienciación e reflexión conxunta para a xeración de proxectos, como é o caso das asociacións e agrupacións industriais empresariais, dos “hubs” de innovación dixital ou dos centros tecnolóxicos.

3. Incentivos a proxectos

3.1. Dixitalización da Industria 4.0

Axudas destinadas á **posta en marcha** de proxectos de dixitalización cuxa finalidade sexa a implantación de solucións para o soporte dixital de procesos dunha empresa ou para proxectos de interconexión dixital de procesos entre unha empresa galega e outras empresas ou entre dúas ou máis empresas galegas, como poden ser os procesos entre un líder industrial e as pemes que conforman a súa cadea de valor.

Aínda que se comezaron a aplicar soamente no ámbito industrial, hoxe en día abarcan practicamente a todos os sectores económicos, excepto a aqueles recollidos no Regulamento xeral de exención por categorías (v.g. pesca e acuicultura).

Os beneficiarios destas axudas poden ser tanto pemes como autónomos, que presenten tanto proxectos individuais (propostos por pemes) como colectivos (propostos por un grupo de empresas). As subvencións asígnanse en **concorrencia competitiva**, e o investimento ou gasto subvencionable mínimo dos proxectos deberá ser de **12 000 euros para os proxectos individuais e de 10 000 euros por participante para os proxectos colectivos**.

3.2. Incentivos á loxística avanzada e sostible

Axudas para a **posta en marcha** de solucións avanzadas para o transporte, almacenamento e posta a disposición de materiais, materias primas e produtos finais. **Os beneficiarios son as pemes e os autónomos, que poden presentar proxectos (individuais ou colectivos)**, en tres ámbitos: dixitalización e automatización; procesos e aplicacións; e virtualización e *big data*. As subvencións convócanse en **réxime de concorrencia competitiva**, e a axuda máxima que pode ser asignada a cada peme é de **100 000 euros**.

O IGAPE considera que aspectos moi restrinxidos, como a mellora da dixitalización ou da loxística, poderían ser subvencionados, xa que non teñen moita incidencia na concorrancia ou no mercado único.

3.3. Desenvolvemento da economía circular

Esta **liña** de axuda baséase na posta en marcha en marcha de proxectos para o desenvolvemento da economía circular cuxa finalidade sexa o desenvolvemento e implantación de solucións avanzadas para a produción, transporte e distribución de materias primas, compoñentes, e produtos finais.

Os beneficiarios destas axudas poden ser tanto pemes como autónomos, que presenten tanto proxectos individuais (propostos por pemes) como colectivos (propostos por un grupo de empresas). As subvencións asígnanse en concorrancia competitiva a representarán un 35% dos investimentos materiais e inmateriais subvencionables para as pequenas empresas, e un 25% para as medianas. En determinados supostos (v.g. servizos de consultaría externa de carácter tecnolóxico; deseño de produtos máis eficientes...) cubrirase o 50% dos gastos para ambas categorías de empresas (pequenas e medianas).

O investimento ou gasto subvencionable mínimo dos proxectos deberá ser de 12 000 euros para os proxectos individuais e de 10 000 euros por participante para os proxectos colectivos. O importe máximo de subvención, pola súa banda, será de 200 000 euros para proxectos colectivos e de 75 000 euros para proxectos individuais.

3.4. Galicia Exporta Dixital

Axudas que apoian ás empresas galegas nos seus procesos de internacionalización dixital, buscando o desenvolvemento e posta en marcha dun plan de internacionalización dixital da empresa e a satisfacción das necesidades específicas en materia de *marketing* dixital internacional.

A axuda subvencionará o **80% dos gastos de consultaría, aplicacións informáticas e outros gastos subvencionables. Os beneficiarios só poden ser pemes (non autónomos) e asígnanse en concorrancia competitiva, baixo réxime de axudas de *minimis*.** Só se poderá presentar e aprobar unha solicitude por empresa, cun gasto subvencionable mínimo igual ou superior a 18 000 euros e máximo de 100 000 euros por empresa.

4. Dificultades no apoio ás pemes

- **Novo regulamento relativo ás axudas de *minimis*:** aínda que o proxecto de regulamento (publicado en novembro de 2022) incrementa o límite de axudas de 200 000 euros a 275 000, non se considera suficiente máxime cando, no caso de grupos empresariais, o límite afecta á totalidade das empresas vinculadas. **A proposta do IGAPE é o seu incremento ata 500 000 euros.**

- **Regulamento de 651/2014 de 17 de xuño de 2014 (exención por categorías):** tras a súa recente revisión, producíronse modificacións que melloraron o seu ámbito de actuación. Porén, no sector do transporte establécense certas restricións nas axudas ás pemes (v.g. as capacidades de automatización ou a xestión de flotas) que case non teñen impacto na competencia.
- **Definición de peme a nivel da UE³:** é necesaria a súa revisión, xa que mediante a definición actual, ten o mesmo tratamento unha empresa que emprega a 250 traballadores que outra que emprega a 50 000. En Galicia, moitas empresas que superan apenas este limiar e que non contan cos recursos e mecanismos das grandes empresas, non poden recibir apoio do IGAPE.

O IGAPE considera preciso establecer un tratamento diferenciado para as empresas de mediana capitalización (*mid-caps*) en relación co resto de empresas, xa que se atopan nunha situación intermedia fronte ás pemes e ás empresas que empregan a máis de 3 000 persoas.

Aínda que non existe unha definición común a nivel europeo, xeralmente sóense considerar *mid-caps* a empresas de entre 250 e 3 000 empregados. Así as definen institucións como o Banco Europeo de Investimentos (BEI) ou a propia Comisión Europea no marco dos programas de financiamento europeo (v.g. *InvestEU*). Esta categoría de empresa é empregada tamén polo executivo comunitario nas súas *Directrices sobre axudas estatais para promover os investimentos de financiamento de risco*, nas que as *mid-caps* e as *mid-caps* innovadoras son recoñecidas como categorías específicas, xunto coas pemes, para recibir este tipo de axudas.

³ Artigo 2 do Regulamento de 651/2014 de 17 de xuño de 2014 (exención por categorías): a categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas (peme) está constituída por empresas que ocupan a menos de 250 persoas e cun volume de negocios anual que non excede de 50 millóns de euros ou cun balance xeral anual que non excede de 43 millóns de euros.

LIGAZÓNS DE INTERESE

- **Comunicación** da Comisión Europea. *Paquete de axudas ás pemes.*
- **Proposta de regulamento** polo que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- **Proposta** de directiva do Consello pola que se establece un sistema de imposición na sede destinado ás microempresas e ás pequenas e medianas empresas.
- **Informe** da Comisión sobre a primeira revisión preliminar da aplicación do Regulamento 2019/1150 sobre o fomento da equidade e a transparencia para os usuarios profesionais de servizos de intermediación en liña.
- **Informe** da Comisión sobre a execución da pasarela dixital única.
- **Informe** sobre as pemes europeas (2022 / 2023).
- **NOTICIA FGE-** *A Comisión achega novas medidas de axuda para impulsar a competitividade e a resiliencia das pemes.*